

**BASES DO CONCURSO “ RAÑA E GAÑA” - CAMPAÑA NADAL**  
**2011-2012**  
**ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE A ESTRADA**

A Asociación de Comerciantes da Estrada (en diante ACOE), realizará un sorteo dirixido a tódolos comercios asociados a ACOE e destes a os seus clientes.

**PRIMEIRA.- AMBITO DE APLICACIÓN**

Levarase a cabo no Concello da Estrada.

**SEGUNDA.- OBXECTIVO DO SORTEO**

O obxectivo é promocionar e provocar a compra nos comercios asociados do noso concello e aumentar e mellorar o grado de fidelización.

**TERCEIRA.- CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN**

Para participar na campaña o comercio ten que estar asociado a ACOE. Actualmente están asociados 150 comercios. O cliente só ten que mercar.

**CUARTA.- MECÁNICA DE PARTICIPACION**

Entre tódolos comercios asociados repártense 60.000 unidades de “RAÑA E GAÑA”, levando 400 unidades cada comercio, e sendo o importe a agasallar de 3.000€. Van repartidos en 400 unidades de “Raña e Gaña” por valor de 5€ e 100 unidades de “Raña e Gaña” por valor de 10€, quedando sen premios 59.500 unidades de “Raña e Gaña”. O comerciante fai entrega dos “Raña e Gaña” o seu cliente despois de que éste teña feita unha compra, se o “Raña e Gaña” é premiado, o desconto faráse no mesmo comercio nunha próxima compra.

**QUINTA.- DURACIÓN DA CAMPAÑA**

A duración da campaña será dende o día 1 de Decembro 2011 ata o 8 de Xaneiro 2012.

**BASES DO CONCURSO DE ESCAPARATES E SORTEO CARTA DE  
REIS MAGOS - CAMPAÑA NADAL 2011-2012  
ASOCIACION DE COMERCIANTES DE A ESTRADA**

A Asociación de comerciantes da Estrada (en diante ACOE), realizará un sorteo dirixido a tódolos comercios asociados a ACOE.

**PRIMEIRA.- AMBITO DE APLICACIÓN**

Levarase a cabo no Concello da Estrada.

**SEGUNDA.- OBXECTIVO DO SORTEO**

O obxectivo é promocionar a compra nos comercios asociados do noso concello e aumentar e mellorar o grado de fidelización.

**TERCEIRA.- CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN**

Participan directamente tódolos asociados no concurso de escaparates.

Para participar no sorteo da Carta de Reis Magos haberá que entregar na Carpa da ACOE as cartas para os reis o longo do día 2 de xaneiro (visita dos Reis Magos a ACOE).

**CUARTA.- MECÁNICA DE PARTICIPACION**

Para participar no concurso de escaparates, basta con realizar un escaparate no comercio. Valoraranse distintos conceptos tales como orixinalidade, iluminación, o uso de materiais relacionados co tipo de comercio (por exemplo unha panadería o uso de pan para facer o escaparate).

Participaran no sorteo da Carta para os Reis Magos todas ás cartas recibidas o longo do día 2 de xaneiro e de todas elas extraerase unha que sera a elixida.

**QUINTA.- PREMIO**

O premio do concurso de escaparates consisten en que a ACOE págalle un ano da cota de asociado.

O premio do Sorteo da Carta os Reis Magos sera un agasallo que escolla a ACOE de tódolos que pida o neno na carta. O agasallo non poderá exceder dun importe de 100 € ive engadido. O agasallo non será cambiado por cartos.

**SEXTA.- CELEBRACIÓN DO SORTEO**

O sorteo do concurso de escaparates celebrarase o día 23 de Decembro e a valoración dos escaparates estará feita por profesionais do deseño e escapatismo.

O sorteo da carta os Reis Magos levarase a cabo o día 3 de Xaneiro 2012 na carpa da ACOE.

**SEPTIMA.- PUBLICACIÓN DO GANADOR E COMUNICACIÓN DO PREMIO**

A ACOE comunicará os agraciados do sorteo, mediante radio, prensa e mediante a súa páxina web.

#### **OITAVA.- ENTREGA DOS PREMIOS**

A entrega do premio, mediante acreditación de NIF/CIF por parte do ganador, realizarase nas oficinas da ACOE na Calle Ulla nº10 baixo, ou na carpa da ACOE, tras contactar ca mesma no numero 986 094 323, no 607 165 928 ou mediante e-mail a dirección info@acoe.es. Os gastos de desprazamento ao lugar de recolleita do agasallo, así como todo gasto de retirada do mesmo, serán por conta do ganador. No caso de que o ganador non recolla o seu agasallo nos prazos acordados, perderá automaticamente o seu dereito ao premio, pasando a disposición da ACOE, quen dispoñerá do mesmo para posteriores sorteos.

O ganador autoriza á ACOE a reproducir e utilizar o seu nome, apelidos e imaxe, en calquera actividade pública e promocional, relacionada co concurso no que resultou ganador, sen que esta utilización confíralle dereito de remuneración ou beneficio algún con excepción feita da entrega do premio.

#### **NOVENA.- PARTICIPACION**

A participación neste sorteo implica a aceptación sen reservas destas bases e as decisións da ACOE en canto á resolución de calquera cuestión derivada do presente sorteo.

#### **DECIMA.- CESION DO PREMIO**

Os premios do presente sorteo, en ningún caso poderá ser obxecto de cambio, alteración ou compensación a petición do ganador. A ACOE, resérvase o dereito a modificar os premios, por outro de igual ou superior valor promocional de consideralo necesario, comprometéndose, en todo caso a publicar a información a través da súa páxina web “www.ACOE.es”.

#### **UNDECIMA.- VERACIDAD DOS DATOS**

Os datos facilitados polos participantes deberán ser veraces. No caso de que estes fosen falsos, os premios que lles correspondín serán atribuídos á ACOE para posteriores sorteos.

#### **DUODECIMA.- RECLAMACIONES**

O período de reclamación sobre o resultado do sorteo finalizará transcorridos quince (15) días naturais desde a data de publicación dos resultados de cada un dos sorteos segundo establécese no apartado Sétimo das presentes bases.

#### **DECIMOTERCERA.- MODIFICACION DE BASES E SUSPENSION DO SORTEO**

A ACOE, resérvase o dereito a suspender, aprazar ou cancelar o presente sorteo en calquera momento anterior ao comezo do mesmo, sempre que existan causas que así o xustifiquen, así como a modificar as presentes bases, comprometéndose a comunicar as novas bases, condicións, suspensión, aprazamento ou cancelación, no seu caso.

#### **DECIMOCUARTA.- RESPONSABILIDADES ALLEAS**

En ningún caso a ACOE será responsable dos servizos que calquera outra entidade coa que esta colabore, preste ao agraciado como consecuencia do premio entregado. A responsabilidade da ACOE queda limitada, en exclusiva, á publicación do resultado do

sorteo segundo atópase contemplada nestas bases e á entrega do premio á persoa agraciada co mesmo; fóra do anterior, a ACOE non responderá fronte a calesqueira tipo de reclamacións que se puidesen formular directa ou indirectamente relacionadas co sorteo, a condición de agraciado ou a retirada do premio no punto designado nestas bases para a súa entrega.

Así mesmo, o agraciado deberá dirixirse directamente fronte ao provedor do premio no caso de que o mesmo adoleza de calquera tara ou defecto de fabricación.

#### **DECIMOQUINTA.- DEPÓSITO**

As presentes bases aparecerán recollidas e dispoñibles ao público na páxina Web da ACOE “[www.ACOE.es](http://www.ACOE.es)”.

#### **DECIMOSEXTA.- XURISDICCIÓN**

Para o coñecemento de calquera litixio que puidese suscitarse en canto á interpretación ou aplicación das presentes Bases, tanto a ACOE como os participantes no presente sorteo, sométense expresamente á xurisdición e competencia dos Xulgados e Tribunais da Estrada, con renuncia expresa a calquera outro foro que puidese corresponderlles.